

Biblioteca

No boletín deste mes gustaríanos valorar, moi positivamente, o labor de Carmen Bello como responsable da xestión da biblioteca, así como a todo o equipo que traballa xunto con ela neste proxecto.

Unha das primeiras actividades do ano foi a celebración dun concurso de ideas para buscar un lema para Leo, a mascota da biblioteca.



Paula Gómez (3ºB),
gañadora do concurso,
xunto co lema gañador

As iniciativas deste equipo de traballo poden verse a través da páxina web do colexio, que como xa dixemos o mes pasado, ten un apartado dedicado á biblioteca. Estas son algunhas das súas propostas:

- Lectura na casa

Guía para os pais. Presenta un díptico que contén recomendacións para ler na casa con nenas e nenos.

Algo sobre os gustos dos rapaces. Aínda tendo en conta a gran variedade de gustos persoais, pódese falar dunhas preferencias xerais segundo a idade dos rapaces.

- Navega seguro pola rede

Guía para avaliar fontes de información en Internet. Aquí podes atopar uns criterios que che axudarán á hora de avaliar as páxinas web e a información que aportan.

Protexe os teus datos cando navegues por Internet. Fai unha serie de recomendacións, recollidas da Axencia Española de Protección de Datos.

- Traballar coa Información

Etapas na investigación nun traballo documental. Aquí preséntase un esquema dos pasos que se deben seguir para obter un bo resultado.

Sabías que

navegando pola rede podemos atopar páxinas moi interesantes relacionadas co noso CEIP?

Neste boletín gustaríanos salientar

<http://amaxiadeaprender.blogspot.com>

e tamén a páxina web do colexio, sobre todo polas melloras incorporadas ultimamente.

<http://centros.edu.xunta.es/valesvillamarin>

Actividades

No noso colexio a parte das horas lectivas, que é a súa principal razón de ser, realízanse outras actividades interesantes. A banda de música ou a dinámica biblioteca fan algunhas. Hai máis, e aquí queremos presentar unha pequena mostra de algúns das que se realizarán proximamente:

☺ 22 de maio alumnos/as de 6º curso participarán lendo varios poemas na presentación do libro facsimil de J.M. Pérez Parallé, de xogos florais, "Mariñanas" editado pola A.C. Eira Vella.

☺ Os cursos de 6º están a participar en competicións culturais e deportivas con outros catro colexios da área da Coruña.

☺ Alumnos do Vales, están a traballar para o Iº **Concurso de redacción**, con motivo do día das Letras Galegas, organizado polo Concello, para nenos/as que cursan primaria en Betanzos.

KARATE DO

O Karate-do, e unha arte marcial, destinada ó desenvolvemento do carácter, a través do adestramento práctico, de tal maneira que a persoa que o practique quede capacitado para superar calquera obstáculo, tanxible ou intanxible.



Integrantes do equipo Karate-do, curso 2008-2009

Os obxectivos dos adestramentos, dentro do CEIP, son basicamente os mesmos tanto se se ten experiencia en artes marciais como se non: coordinación, equilibrio, velocidade, flexibilidade, aprendizaxe e memorización de katas básicos, habilidades motoras, etc.

Pero son os obxectivos relacionados coa actitude os que poderíamos considerar máis valorables. Estes fan referencia ao respecto e preocupación polos demais, a manter unha orde dentro da clase, a relacionarse cos demais sen usar a violencia, á autosuperación e á autoestima.

Para levar a cabo esta tarefa contamos con Daniel, licenciado en Psicoloxía, cinto negro - 2º DAN pola Federación Española de Karate, monitor desta arte pola Federación Galega e profesor de Ioga.

Cesión Terreos

(reunión ANPA – Concello)

O luns 13 de abril, unha representación da directiva da ANPA reuniuse coa Alcaldesa, María Faraldo e máis co Concelleiro Delegado en Cultura, Educación e Deportes, Pedro Gómez.

Na reunión tratouse especialmente da situación en que se atopa a construción do novo Centro de Infantil, de grande importancia para Betanzos tanto pola obra en si como pola liberación de espazos no actual centro, que pasará a ser exclusivamente de Primaria.

A alcaldesa informou á ANPA dos acordos adoptados no pleno de finais de marzo, que permitirán continuar co expediente de cesión dos terreos para a construción de dito centro.

Tamén apuntou un calendario indicativo do desenvolvemento das obras, coas seguintes previsións, de non aparecer imprevistos:

-2009- Cesión dos terreos polo concello e licitación da redacción do proxecto da obra, pola Xunta de Galicia.

-2010- Fin da redacción do proxecto e licitación da obra a mediados de dito ano.

-2011- Fin da obra na primeira parte do ano coa pretensión de inauguralo para o curso 2011-2012.

A ANPA manifestou a súa satisfacción pola nova situación creada cos acordos plenarios de marzo, esperando que se poida cumprir o calendario indicativo e comprometéndose a facer un seguimento do cumprimento do mesmo, como considera que é a súa obriga.

Boletíns, merecen a pena ?

Mais aló do puramente académico, léase notas trimestrais ou visitas aos titores, a maioría dos pais e nais, incluídos os propios membros da ANPA, descoñecemos, case por completo, o que fan os nosos fillos/as en horario escolar, agás, desafortunadamente, cando se trata dun problema de disciplina.

Sen embargo, no colexio os nosos fillos e fillas non so estudian, tamén aprenden a desenvolverse como persoas, comparten medos, alegrías, fan actividades, practican deportes, medran, potencian valores, pero sobre todo aprenden a convivir ou a sobrevivir nalgúns casos.

A falta de coñecemento, que non de información, ao marxe das circunstancias persoais de cada un, probablemente sexa a causa da pouca involucración de pais e nais na comunidade educativa.

Deste tema os profesionais do CEIP son conscientes, e tanto a propia dirección do centro como mestres a título individual, tratan de informar a pais/nais por outras vías ademais das convencionais, xa mencionadas no primeiro parágrafo. A páxina web do Colexio e os blogs promovidos por mestres son un claro exemplo.

O boletín nace dentro da ANPA precisamente para dar a coñecer, de forma xeral, que tipo de formación están recibindo os nosos fillos e fillas nun horario completamente inaccesible para nós. Pretende ser tamén unha ferramenta de comunicación que lle permita á directiva da ANPA, acercar as realidades, boas e malas, do entorno educativo no que estamos.

No proceso de aprendizaxe dos nosos fillos, nais e pais, ao contrario que mestres, cole e mesmo compañeiros, somos o único factor constante e, polo tanto, necesitamos coñecer máis que ninguén a súa realidade diaria.

**Boletín informativo
abril 2009**



**Asociación de Nais e Pais de Alumnos
"ANPA BRIGANTIUM"**
CEIP "FCO. VALES VILLAMARÍN"
Carregal nº 4,
15300 – BETANZOS (A Coruña)

**O Cole a través de
Internet**

**Consulta o Blog da ANPA e animate a
facer suxestións. Prometemos atendelas**

Blog: <http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

e-mail: anpabrigantium@gmail.com



**Patrocina:
Concello de Betanzos**